

BASES DO SORTEO NAS REDES SOCIAIS DE *DERRUBANDO MUROS CON PINTURA*:
“DERRUBANDO MUROS: EDICIÓN VERÁN 2022”

OBXECTIVO:

O Concello de Carballo convoca un **sorteo** nas redes sociais de *Derrubando Muros con Pintura* a través da súas páxinas de **Facebook, Twitter e Instagram** co obxectivo de reforzar a presenza nas redes do proxecto de arte urbana de Carballo e así axudar a promocionar os murais entre cidadanía e visitantes. Deste xeito difundirase a imaxe de Carballo como un museo ao aire libre, ao mesmo tempo que a veciñanza e as e os visitantes coñecen e promocionan o proxecto de arte urbana de Carballo a través das redes sociais.

PARTICIPACIÓN NO SORTEO:

- Poderá participar no sorteo calquera persoa maior de 18 anos.
- Para entrar no sorteo, os/as participantes deberán publicar unha fotografía dun dos murais de Carballo en Facebook, Twitter ou Instagram:
 - ✓ <https://www.facebook.com/MurosDerrubando>
 - ✓ <https://twitter.com/MurosDerrubando>
 - ✓ <https://www.instagram.com/murosderrubando/>
- Deberán facelo **entre o martes 16 e o sábado 27 de agosto. Acompañando á imaxe deberán dicir cales son os seus 3 murais favoritos de Carballo.** Non fai falla que escriban o título exacto do mural, simplemente deberán referenciarlo cunha localización, descrición, autoría, etc. Cada usuario ou usuaria das redes sociais só poderá participar unha vez.
- O/a participante ten que ter o seu perfil social público e debe ser seguidor/a dunha das tres redes sociais de *Derrubando Muros con Pintura* xa mencionadas.
- Deberá etiquetar na foto ou no post ao perfil de *Derrubando Muros* en Facebook, Twitter ou Instagram.
- Na publicación ten que figurar o hashtag **#DerrubandoMurosVeran**
- As fotografías terán que ser orixinais. O/a participante manifesta e garante que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que se presenta ao sorteo e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

- Se na fotografía ou vídeo aparecen outras persoas, o/a participante deberá ter permiso expreso das mesmas para publicar o devandito contido.
- Non se admitirán contidos de carácter racista, sexista, homófobo ou discriminatorio por razón de nacionalidade, sexo, relixión, idade ou calquera tipo de discapacidade. Non se aceptan as publicacións que conteñan apoloxía do terrorismo ou da violencia, ou que apoien violacións dos dereitos humanos. Non se admiten publicacións con contidos ou ligazóns que se consideren publicidade, spam, pornografía ou material protexido por dereitos de autor. Non se aceptarán as publicacións con contidos, ligazóns ou nomes de usuarios que se consideren insultantes, difamatorios ou contrarios ás leis españolas.

PREMIO:

- Todos e todas as autoras/autores de cada fotografía publicada que cumpra cos requirimentos esixidos **recibirán como agasallo unha libreta do proxecto Derrubando Muros con Pintura (ata fin de existencias)**. Para recollela **deberán achegar por privado o seu nome e apelidos e pasar a retirala en persoa** na Oficina de Información Turística – Museo de Bergantiños na Rúa Martín Herrera, s/n, 15100 de Carballo antes do xoves 15 de setembro de 2022. ***Quen non achegue os seus datos persoais por privado na rede social que corresponda non terá dereito a recoller a libreta, aínda que si a participar no sorteo.**
- Ademais todos e todas as autoras/autores de cada fotografía publicada que cumpra cos requirimentos esixidos **participarán no sorteo de dúas (2) tablets Huawei Matepad T 10s 64GB – 10.1”**. O sorteo será público e anunciarase a súa data coa suficiente antelación na web do Concello www.carballo.gal e nas propias redes sociais de *Derrubando Muros con Pintura*, onde tamén se publicarán os resultados.

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopd@carballo.gal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria do concurso. A participación no concurso implica a aceptación destas bases, que estarán publicadas nas redes sociais e na páxina web de Turismo Carballo (www.turismocarballo.com) e na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.gal).